



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 9 DE DECEMBRO DE 2019

LICENZAS

FAVORABLES

LIC/1985/2018.- IRENE REY PEDROUZO.- Conceder licenza para executar obras de construción dunha vivenda unifamiliar illada no lugar de Cortos, 1A

PARCELACION.-

LIC/1382/2018.- PEDRO CAJADE ZACARIAS.- Aceptar a cesión de viario formalizada na escritura pública de data 17/10/2018 e conceder licenza de parcelación dunha parcela sita en Lugar de Portela de figueiras 6, A.

2.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á concesión de licenza para executar obras de construción dunha vivenda unifamiliar illada no lugar de Cortos, 1A. LIC/1985/2018. Concédese a licenza.

3.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á aceptación da cesión de viario formalizada na escritura pública de data 17/10/2018 e conceder licenza de parcelación dunha parcela sita en Lugar de Portela de figueiras 6, A. LIC/1382/2018. Concédese a licenza.

4.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á aceptación da xestión outorgada o 6 de novembro de 2019 e aprobación do gasto para o pago da indemnización correspondente a favor de Rosa Estévez Rivas e Trinidad Estévez Rivas para a ampliación da Rúa de Santas Mariñas (UX-16). Acéptase a cesión, que supón a adquisición polo Concello do terreo e recoñécese a obriga de aboar ás dúas propietarias indicadas a cantidade de 14.463,20 euros, en concepto de indemnización pola imposibilidade de restituír o terreo ocupado ás mesmas.

5.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á interposición do recurso contencioso-administrativo contra a Oficina Española de Patentes e Marcas en relación á marca M 3716851 CAMINO DR.BANDIN PREVENCIÓN DE GENERACIÓN DISCO-VERTEBRAL (MIXTA). Apróbase a interposición do recurso.

6.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á aprobación inicial de subvencións correspondentes á convocatoria de data 14.outubro.2018 relativas ás fases 14 e 15 da área de rehabilitación integral do casco histórico. Apróbase a relación de axudas: fase 14, axudas para 18 actuacións (3 edificios), por un importe total de 61.806,57 euros); fase 15, axudas para 16 actuacións (11 edificios), por un importe total de 142.534,58 euros.

7.- Aprobación da xustificación de subvencións municipais outorgadas no ano 2019. Apróbase a xustificación de subvencións ao abeiro dos convenios subscritos con. Asociación Cultural Rocha Forte, Asociación do Conservatorio de Música Tradicional e Folque, Solidariedade Galega co Pobo Saharauí, Universidade de Santiago- Programa Universitario de Maiores do IV Ciclo, IES Rosalía de Castro, Música en Compostela, Padroado da Casa da Troia, Asociación Cultural Cidade Vella, Fundación Rosalía de Castro, Asociación Cultural O Galo e subvencións para festas patronais.

8.- Proposta da concelleira delegada de Deportes relativa á aprobación do texto do convenio de colaboración entre o concello de Santiago e á Asociación Deportiva Hermes para o desenvolvemento do "IX Campus Vero Boquete". Apróbase o convenio, polo que o Concello achega 8.500 euros.

9.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á devolución de fianza polo contrato de prestación do servizo de oficina técnica do proxecto SMARTiago en aplicación do convenio de colaboración entre o Ministerio de Economía e Industria e Competitividade (MEIC) e o Concello de Santiago de Compostela, financiado nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do Programa Operativo de Crecemento intelixente (POCint) 2014-2020. Autorízase a devolución da fianza de 14.000 euros á UTE Red2Red-Silo.

10.- Convalidación de gastos. Valídanse os gastos correspondentes a dúas facturas emitidas pola Asociación do Traxe Galego (4.598 euros) e a outra emitida por Indra Soluciones Tecnológicas de la Información, SLU (2.119,92 euros).

11.- Recoñecementos extraxudiciais de créditos. Apróbanse os gastos e as indemnizacións substitutiva a favor de:

- Servicios Centros Públicos Santiago de Compostela UTE, pola prestación do servizo de limpeza, conserxería e control das instalacións dos CEIPs e anexos, por importe de 87.565,90 euros.
- Ferrovial Servicios, SA, pola instalación de control de entrada no proxecto Colecamiños, por importe de 2.380,07 euros.
- Estructuras Especiales RH, SL, pola prestación do servizo de apuntamento da cuberta e alugueiro de estruturas metálicas para estabilización do edificio da Casa das Máquinas, por importe de 3.600,96 euros.

12.- Proposta da alcaldía relativa ao cambio de titularidade das casetas NC94, NC95, NC96 da Praza de Abastos. Apróbanse os cambios de titularidade solicitados.

14.- Dar conta do decreto da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á actualización das unidades tramitadoras e de facturas e xustificantes de gasto. Dáse conta.

URXENCIAS

1.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á aprobación do expediente para proceder ao desestímulo do proceso de contratación do "Servizo de dirección pedagóxica, docencia e organización dos diferentes programas educativos e das actividades da Escola Municipal de Música de Santiago de Compostela". Apróbase o desestímulo, dándolle traslado á empresa licitadora, á que se lle outorga un prazo de 10 días hábiles de alegacións.

2.- Proposta de subscripción de convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a Fundación Santiago Centro, Área Comercial, para leva a cabo un programa de dinamización das compras e o comercio de proximidade no Nadal. Apróbase o devandito convenio e o gasto do mesmo, 9.000 euros. O programa contempla a entrega, por parte dos establecementos comerciais, de tickets gratuítos de aparcadoiro dos 7 principais estacionamentos públicos do Ensanche.

3.- Proposta da concelleira delegada de Economía, Facenda, Persoal, Contratación e Modernización Administrativa para a aprobación da Oferta Pública de Emprego de 2019. Apróbase a proposta, integrada por 22 prazas de quenda libre (19 de funcionarios e 3 de persoal laboral) e 11 de promoción interna (7 de funcionarios e 4 de persoal laboral).

4.- Proposta do concelleiro delegado de Mobilidade, Seguridade Cidadá e Festas para a adxudicación do contrato "Subministración de dous vehículos lixeiros para o servizo de extinción de incendios e Salvamento do Concello de Santiago de Compostela". Adxudícase o contrato á empresa Compostela Móvil, SA, que se compromete a subministrar: un Toyota Land Cruiser, por un importe de 54.418,24 euros (IVE incluído), cantidade á que se lle descontan 2.950,24 euros que compromete a empresa polos vehículos usados que o Concello entrega; e un Toyota Proace Verso, por un importe de 46.961,14 euros (IVE incluído).